

c

cio Económico Europeo, ós que se refire o artigo 2 deste real decreto, rexeranse pola Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, naqueles casos en que non quede acreditada a concorrencia dos requisitos previstos neste real decreto.

2. As normas de carácter xeral contidas na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, reformada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, e as normas regulamentarias vixentes sobre a materia, serán aplicables ós supostos comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto, con carácter supletorio e na medida en que non se opoñan ó disposto nos tratados constitutivos das Comunidades Europeas, así como no dereito derivado destes.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ós sete días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 14 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3835 *REAL DECRETO 208/2003, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide. («BOE» 48, do 25-2-2003.)*

A Directiva 68/193/CEE do Consello, do 9 de abril de 1968, referente á comercialización dos materiais de multiplicación vexetativa da vide, foi incorporado ó ordenamento xurídico español mediante a Orde do 1 de xullo de 1986, que foi modificada por Orde do 24 de xuño de 1991.

A citada directiva foi modificada pola Directiva 2002/11/CE do Consello, do 19 de febreiro de 2002. A devandita modificación prodúcese, tal como se sinala nun dos considerandos da norma comunitaria, coa finalidade de eliminar tódalas barreiras comerciais que poidan impedi-la libre circulación dos materiais de multiplicación da vide na Comunidade. Con tal obxecto, suprimíronse tódalas posibilidades de inaplicación unilateral por parte dos estados membros da Directiva 68/193/CEE, para o cal se derogaron ou modificaron algunhas das súas disposicións.

As novidades achegadas pola nova normativa comunitaria na materia impoñen a necesidade de adaptala normativa española, polo que se derogaron aquelas disposicións do Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide, aprobado por Orde do 1 de xullo de 1986, que son obxecto de regulación pola Directiva 2002/11/CE, manténdose, en cambio, a vixencia daqueles preceptos do citado regulamento técnico referentes a aspectos non contemplados pola directiva que mediante este real decreto se traspón.

É necesario sinalar que ó amparo do artigo 4 da Directiva, que lles permite ós estados membros fixaren para

a súa produción propia condicións suplementarias ou máis rigorosas, efectúase unha regulación da produción destinada á exportación, da produción polo método da multiplicación en verde e dos organismos nocivos a controlar no proceso, se ben esta regulación se aplicará exclusivamente ás plantas de viveiro producidas en España. O material de multiplicación proveniente doutro país comunitario e que se comercialice en España non estará suxeito a ningunha restricción distinta das fixadas na directiva comunitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de febreiro de 2003,

DISPÓN O:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide.*

Apróbase o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide, nos termos que figuran no anexo deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Patróns de categoría estándar.*

Non obstante o previsto no artigo 13 do Regulamento que se aproba, autorízase a comercialización no territorio nacional, ata o 1 de xaneiro de 2005, dos materiais de multiplicación da categoría estándar destinados a ser utilizados como portaenxertos que procedan de cepas nai de material de multiplicación estándar que existisen na data do 23 de febreiro de 2002.

Disposición transitoria segunda. *Cepas nai de prebase.*

As cepas nai de prebase autorizadas e existentes na data de entrada en vigor deste Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide serán clasificadas pola autoridade competente nas categorías aprobadas neste regulamento en función do cumprimento das condicións fixadas en cada caso no anexo I.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide, salvo os epígrafes VII e VIII, que continúan en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ó amparo do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da actividade económica, a excepción dos artigos 26 e 27, que se dictan ó amparo do artigo 149.1.10.^a, que outorga ó Estado competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto e, en especial, para modifica-los anexos, cando resulte necesario ou en caso de modificación da normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 21 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO

Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Quedan suxeitas ó ámbito de aplicación deste regulamento técnico as plantas de viveiro de vide que se comercialicen das distintas especies cultivadas do xénero botánico «*Vitis L.*», así como os seus híbridos interespecíficos e intervarietais.

2. Este regulamento aplicarase sen prexuízo do disposto no Regulamento (CEE) n.º 234/68 do Consello, do 27 de febreiro de 1968, sobre o establecemento dunha organización común de mercados no sector das plantas vivas e dos produtos da floricultura.

3. Este regulamento non se aplicará ós materiais de multiplicación cando se comprobe que están destinados á exportación a países terceiros.

CAPÍTULO II

Definicións e categorías

Artigo 2. *Definicións xerais.*

Pare efectos deste regulamento, entenderase por:

a) «Vide»: as plantas do xénero «*Vitis L.*» que se destinan á produción de uvas ou á utilización como materiais de multiplicación para estas mesmas plantas.

b) «Variedade»: un conxunto vexetal dun único taxón botánico, do rango máis baixo coñecido, que poida:

1.º Definirse mediante a expresión dos caracteres resultantes dun determinado xenotipo ou dunha determinada combinación de xenotipos.

2.º Distinguirse de calquera outro conxunto vexetal mediante a expresión dun deses caracteres, como mínimo.

3.º Considerarse unha entidade pola súa aptitude para ser reproducido sen cambio ningún.

c) «Clon»: unha descendencia vexetativa dunha variedade conforme a unha cepa de vide elixida pola identidade da súa variedade, os seus caracteres fenotípicos e o seu estado sanitario.

Artigo 3. *Definicións de plantas de viveiro.*

1. «Materiais de multiplicación».

a) Chantóns de vide.

1.º «Barbados»: fraccións de bacelos ou ramas herbáceas de vide enraizadas e sen enxertar, destinadas á plantación franco de pé ou a ser utilizadas como portaenxerto para un enxerto.

2.º «Plantas enxerto»: fraccións de bacelos ou de ramas herbáceas de vide, unidas entre si por enxerto, a parte subterránea da cal estea enraizada.

b) Partes de plantas de vide.

1.º «Bacelos»: ramas dun ano.

2.º «Ramas herbáceas»: ramas non agostadas.

3.º «Estacas enxertables de portaenxertos»: fraccións de bacelos ou de ramas herbáceas de vide, destinadas a forma-la parte subterránea cando se preparen plantas enxerto.

4.º «Enxertos»: fraccións de bacelos ou de ramas herbáceas de vide, destinadas a forma-la parte aérea cando se preparen plantas enxerto ou se realicen enxertos sobre o terreo.

5.º «Estaquiñas»: fraccións de bacelos ou de ramas herbáceas de vide, destinadas á produción de barbados.

2. «Cepas nais»: cultivos de vides destinados á produción de estacas, estaquiñas ou enxertos.

3. «Viveiros»: cultivos de vides destinados á produción de barbados ou de plantas-enxerto.

Artigo 4. *Categorías de plantas de viveiro.*

1. «Materiais de multiplicación iniciais»: os materiais de multiplicación que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se produciran baixo a responsabilidade do produtor, mediante métodos aceptados xeralmente, de cara a mante-la identidade da variedade e, se é o caso, do clon, así como a previr enfermidades.

b) Que se destinen á produción de materiais de multiplicación de base ou de materiais de multiplicación certificados.

c) Que cumpran as condicións previstas nos anexos I e II para os materiais de multiplicación iniciais.

d) Con respecto ós cales se comprobara nun exame oficial que se observaron as condicións antes mencionadas.

2. «Materiais de multiplicación de base»: os materiais de multiplicación que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que se produciran baixo a responsabilidade do produtor, mediante métodos aceptados xeralmente, de cara a mante-la identidade da variedade e, se é o caso, do clon, así como a previr enfermidades, e que procedan directamente de materiais de multiplicación iniciais por vía vexetativa.

b) Que estean destinados á produción de materiais de multiplicación certificados.

c) Que cumpran as condicións previstas nos anexos I e II para os materiais de multiplicación de base.

d) Con respecto ós cales se comprobara nun exame oficial que se observaron as condicións antes mencionadas.

3. «Materiais de multiplicación certificados»: os materiais de multiplicación que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que proceden directamente de materiais de multiplicación de base ou de materiais de multiplicación iniciais.

b) Que están destinados:

1.º Á produción de plantas ou de partes de plantas que sirvan para a produción de uvas.

2.º Á produción de uvas.

c) Que cumpren as condicións previstas nos anexos I e II para os materiais de multiplicación certificados.

c

d) Para os que se comprobara, ó realizar un exame oficial, que se respectaron as condicións mencionadas.

4. «Materiais de multiplicación estándar»: os materiais de multiplicación que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que posúen a identidade e a pureza varietais.
- b) Que están destinados:

1.º Á produción de plantas ou de partes de plantas que sirvan para a produción de uvas.

2.º Á produción de uvas.

c) Que cumpren as condicións previstas nos anexos I e II para os materiais de multiplicación estándar.

d) Para os que se comprobou, ó realizar un exame oficial, que se respectaron as condicións antes mencionadas.

Artigo 5. *Outras definicións.*

1. «Comercialización»: a venda, a posesión con miras á venda, a oferta de venda e calquera cesión, entrega ou transmisión de materiais de multiplicación a terceiros, tanto mediante remuneración coma sen ela, de cara á súa explotación comercial.

Non se consideran comercialización os intercambios de materiais de multiplicación cando a finalidade destes non sexa a explotación comercial da variedade, como é o caso das operacións seguintes:

a) A entrega de materiais de multiplicación a organismos de experimentación e inspección.

b) A entrega de materiais de multiplicación a produtores de servizos para a transformación ou o acondicionamento, sempre que o produtor de servizos non adquiera dereitos sobre o material de multiplicación subministrado.

2. «Autoridade competente»: o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, respecto á ordenación e coordinación en materia de control e certificación de plantas de viveiro de vide, así como en relación co rexistro de variedades comerciais e nos supostos de comercio exterior, e os órganos competentes das comunidades autónomas, respecto á aplicación do control e certificación de plantas de viveiro de vide nos seus respectivos territorios.

CAPÍTULO III

Variedades comerciais

Artigo 6. *Rexistro de variedades comerciais.*

1. Só se poderán comercializar as variedades inscritas no Rexistro de variedades comerciais de vide.

2. Tamén se admitirá a comercialización das variedades inscritas nos catálogos ou rexistros dos demais estados membros, sen prexuízo do disposto no Regulamento (CE) n.º 1493/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola no que respecta ás normas xerais referentes á clasificación das variedades de vide.

3. O Rexistro poderá ser consultado por calquera e determinará as principais características morfolóxicas e fisiolóxicas que permiten distingui-las variedades entre si.

Artigo 7. *Admisión de variedades no Rexistro de variedades comerciais.*

1. Só se admitirá unha variedade no Rexistro se fose distinta, estable e suficientemente homoxénea.

2. Consideraranse diferenciadas as variedades que se distinguen claramente, pola expresión dos caracteres derivados dun xenotipo ou dunha combinación de xenotipos dados, de calquera outra variedade a existencia da cal sexa coñecida notoriamente na Comunidade.

3. Considerarase variedade coñecida notoriamente na Comunidade toda variedade que, no momento da solicitude formal de admisión, estea rexistrada no catálogo do estado membro de que se trate ou doutro estado membro, ou en espera de admisión no estado membro de que se trate ou noutro estado membro, a menos que as condicións antes citadas deixaran de cumprirse en tódolos estados membros afectados antes da decisión sobre a solicitude de admisión da nova variedade examinada.

4. Consideraranse estables aquelas variedades nas que a expresión dos caracteres incluídos no exame da diferenciación ou de calquera outro carácter utilizado para describi-la variedade non experimente cambios tras multiplicacións sucesivas.

5. Consideraranse homoxéneas aquelas variedades nas que, coa reserva das variacións que poidan derivarse das particularidades da súa multiplicación, a expresión dos caracteres incluídos no exame da diferenciación ou de calquera outro carácter utilizado para describi-la variedade sexa suficientemente homoxénea.

6. As variedades procedentes doutros estados membros someteranse, en particular no que se refire ó procedemento de admisión, ás mesmas condicións aplicadas ás variedades e ós clons nacionais.

7. A admisión de variedades no Rexistro será resultado de exames oficiais, efectuados especialmente en cultivo sobre un número suficiente de caracteres que permita describi-la variedade e de acordo con métodos precisos e fiables.

8. Se se tivese coñecemento de que a variedade figura no Rexistro doutro estado membro con outra denominación consolidada, a dita denominación constará igualmente no Rexistro.

9. As variedades admitidas controlaranse regular e oficialmente. Se se deixase de cumprir algunha das condicións de admisión, anularase esta e suprimírase a variedade do Rexistro.

10. Tódalas solicitudes ou retiradas de solicitudes de admisión de variedades, así como tódalas inscricións no Rexistro de variedades comerciais e as diferentes modificacións deste, serán notificadas inmediatamente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ós demais estados membros e á Comisión.

11. As variedades de vide modificadas xeneticamente unicamente se admitirán se se adoptaron tódalas medidas apropiadas para evitar riscos para a saúde humana e o medio de acordo co disposto na normativa en vigor.

12. As variedades modificadas xeneticamente que fosen aceptadas figurarán claramente indicadas como tales no Rexistro. Tódalas persoas que comercialicen as devanditas variedades deberán indicar no seu catálogo comercial que se trata de variedades modificadas xeneticamente, precisando o obxectivo da modificación.

Artigo 8. *Listas de clons admitidos a certificación.*

1. Con base na información facilitada polos órganos competentes das comunidades autónomas sobre as plantas de viveiro cualificadas dentro do sistema de certificación, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá a lista de clons admitidos a certificación en España.

2. Os clons incluídos na listas correspondentes doutro estado membro da Unión Europea tamén serán admitidos á certificación en España.

Artigo 9. Conservación das variedades comerciais.

1. As variedades inscritas no Rexistro de variedades comerciais ou, se é o caso, os clons admitidos manteranse mediante selección conservadora.

2. A selección conservadora débese poder controlar en todo momento gracias ós rexistros efectuados polo encargado ou os encargados de conserva-la variedade e, se é o caso, o clon.

3. Poderanse pedir mostras da variedade ó encargado de a conservar. Se fose necesario, poderán ser tomadas oficialmente.

4. Cando a selección conservadora se efectúe en España para unha variedade admitida noutro estado membro, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da canle correspondente, remitirá ó Estado que teña admitida a variedade no seu catálogo o resultado dos controis que se realicen, se se lle require a asistencia administrativa.

CAPÍTULO IV**Producción de plantas de viveiro****Artigo 10. Condicións referentes á produción.**

A produción de plantas de viveiro cumprirá as condicións correspondentes do anexo I.

Artigo 11. Produción polo método «in vitro».

A produción de material de multiplicación inicial, base ou certificado polo método «in vitro» só se admitirá na medida en que a Unión Europea estableza condicións e disposicións específicas para iso.

Artigo 12. Produción polo método de «multiplicación en verde».

A produción de material de multiplicación polo método de «multiplicación en verde» realizarase de acordo coas condicións fixadas no anexo VII.

CAPÍTULO V**Condicións do material de multiplicación****Artigo 13. Materiais que se poden comercializar.**

1. Só se poderán comercializa-los materiais de multiplicación se:

a) Foron certificados oficialmente como «materiais de multiplicación iniciais», «materiais de multiplicación de base» ou «materiais de multiplicación certificados» ou, no caso dos materiais de multiplicación que non estean destinadas a ser utilizados como portaenxertos, se se trata de materiais de multiplicación estándar controlados oficialmente.

b) Se cumpren as condicións previstas no anexo II.

2. Se se comprobase que as plantas de viveiro non cumpren os requisitos deste regulamento, a autoridade competente adoptará as medidas axeitadas para que non se comercialice ata tanto non se adecúen a aqueles.

3. A autoridade competente poderá autorizar a produtores radicados en España a comercializar cantidades apropiadas de materiais de multiplicación que non cumpren os requisitos deste regulamento nos seguintes casos:

a) Cando estean destinados a probas ou con finalidade científica.

b) Cando estean destinados para traballos de selección.

c) Cando estean destinados a medidas encamiñadas á conservación da diversidade xenética.

4. No caso do material modificado xeneticamente, a dita autorización unicamente se poderá conceder se se adoptaron tódalas medidas apropiadas para evitar riscos para a saúde humana e o medio de conformidade coa normativa en vigor.

Artigo 14. Lotes.

1. Os materiais de multiplicación serán, no momento da recolección, do acondicionamento, do almacenamento, do transporte e do cultivo, conservados en lotes separados e marcados segundo a súa variedade e, se é o caso, para os materiais de multiplicación iniciais, os materiais de multiplicación de base e para os materiais de multiplicación certificados, segundo o clon.

2. Os materiais de multiplicación só se poderán comercializar en lotes suficientemente homoxéneos e en envases ou feixes pechados, provistos dun sistema de peche e dunha etiquetaxe.

Artigo 15. Precintado.

Os envases e feixes de materiais de multiplicación pecharanse oficialmente ou baixo control oficial de modo que non poidan abrirse sen que o sistema de peche quede deteriorado ou sen que queden rastros de manipulación na etiqueta oficial establecida no artigo 16, ou no envase, cando se trate de envases. Para garanti-lo peche, o sistema de peche levará como mínimo a etiqueta oficial ou un precinto oficial.

A composición dos feixes e embalaxes será a fixada no anexo III.

Artigo 16. Etiquetaxe.

1. Os envases e feixes de materiais de multiplicación irán provistos dunha etiqueta oficial exterior que estea redactada, polo menos, na lingua española oficial do Estado; a súa fixación garantirase por medio do sistema de peche. A etiqueta terá as informacións fixadas no anexo IV.

2. A citada etiqueta será branca cruzada diagonalmente por unha raía violeta para os materiais de multiplicación iniciais, branca para os materiais de multiplicación de base, azul para os materiais de multiplicación certificados e amarelo escuro para os materiais de multiplicación estándar. As súas dimensións serán as fixadas no anexo IV.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderanlles autorizar ós produtores establecidos no seu territorio comercializar varios envases ou varios feixes de plantas enxerto ou de barbados das mesmas características cunha soa etiqueta. Neste caso, os envases ou feixes estarán unidos de tal forma que, ó separalos, o vincallo que os una se deteriore e non poida recompoñerse. A fixación da etiqueta realizarase por medio desa ligadura. Non se autorizará un novo peche.

4. A etiqueta oficial poderá tamén incluír tódolos datos correspondentes ó pasaporte fitosanitario previsto no Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. Nese caso, os datos do pasaporte fitosanitario irán claramente diferenciados, respectaranse as súas condicións e a etiqueta oficial recoñecerase equivalente ó pasaporte fitosanitario.

c

5. Nas etiquetas colocadas nos lotes de materiais de multiplicación dunha variedade que fose modificada xeneticamente e en calquera outro documento que os acompañe en virtude do disposto no presente regulamento, tanto se é oficial coma se non o é, indicará claramente que a variedade foi modificada xeneticamente, especificándose o nome dos organismos modificados xeneticamente.

Artigo 17. *Conservación das etiquetas.*

O destinatario dos materiais de multiplicación vexetativa da vide deberá conservar as etiquetas oficiais durante polo menos un ano e poñelas á disposición da autoridade competente para o control.

Artigo 18. *Albará.*

1. Toda partida de material de multiplicación producido en España e que se comercialice deberá ir amparada por un albará do produtor numerado correlativamente no que se farán constar, polo menos, os datos fixados no anexo VI.

2. O produtor deberá conservar os devanditos albarás, e o conxunto destes considerárase como libro rexistro de saídas.

Artigo 19. *Esixencias reducidas.*

Cando a Comisión das Comunidades Europeas autorice a comercialización dun determinado conxunto de materiais de multiplicación dunha categoría sometida a esixencias reducidas dunha variedade determinada, a cor da etiqueta será a prevista para a categoría correspondente, e en tódolos demais casos será marrón. A etiqueta indicará sempre que se trata de materiais de multiplicación dunha categoría sometida a esixencias reducidas.

CAPÍTULO VI

Controis

Artigo 20. *Controis polos produtores.*

Os produtores tomarán as medidas necesarias para garantir o cumprimento das normas fixadas neste regulamento en tódalas etapas da produción e da comercialización das plantas de viveiro.

Coa devandita finalidade, os produtores, ben por eles mesmos ou, se é o caso, en colaboración con outro produtor, deberán efectuar controis que comprendan o seguinte:

a) A elaboración e posta en marcha de métodos de vixilancia e de control nas fases fundamentais do seu proceso de produción e comercio.

b) A toma de mostras, que deberán analizarse nun laboratorio recoñecido pola autoridade competente, deberá asegurarse que:

1.º As mostras se tomen durante as distintas fases do proceso de produción e nos intervalos establecidos, se é o caso, pola autoridade competente ó efectuar a comprobación dos métodos de produción para a concesión da autorización do produtor.

2.º A mostraxe se realice dun modo tecnicamente correcto e seguindo un procedemento estatisticamente fiable tendo en conta o tipo de análise que se vai realizar.

3.º As persoas que tomen as mostras deben ser competentes para iso.

c) A anotación por escrito, ou por algún outro medio que garanta unha conservación duradeira, dos datos

correspondentes ós parágrafos a) e b) anteriores, e o mantemento dun rexistro da produción e da comercialización das plantas de viveiro, os cales se terán á disposición da autoridade competente. Estes documentos e rexistros conservaranse durante un período de tres anos como mínimo e conterán información completa sobre:

1.º As plantas de viveiro compradas para o seu almacenamento ou utilización no seu proceso de produción.

2.º As plantas de viveiro en proceso de produción.

3.º As plantas de viveiro expedidas a outros, ou rexistro de saídas composto polo conxunto dos albarás emitidos, ordenados correlativamente.

4.º Os tratamentos químicos aplicados ás plantas.

5.º No caso de produción *in vitro*, e para cada liña de descendencia distinta: data de cada operación, número de plantas e identificación de cada subcultivo.

d) Colaborar coa autoridade competente en canto se refire á súa actividade e ó control oficial correspondente e especialmente:

1.º Encargarse persoalmente ou designar outra persoa con experiencia técnica na produción de plantas e en cuestións fitosanitarias para relacionarse coa devandita autoridade competente.

2.º Facilitarlle-lo acceso ás persoas facultadas para actuar en nome da autoridade competente, ós rexistros e documentos indicados no parágrafo c).

Non obstante, os produtores a actividade dos cales neste ámbito se limite á mera distribución de plantas de viveiro producidas e embaladas fóra do seu establecemento, deberán levar unicamente un rexistro, ou conservar probas duradeiras, das operacións de compra e venda ou entrega de plantas de viveiro que realizaran.

Artigo 21. *Presencia de organismos nocivos.*

Cando como consecuencia dos propios controis, ou da información de que dispoñan, os produtores comprobaren a presenza dun ou varios dos organismos nocivos considerados no Real decreto 2071/1993, ou a presenza, en cantidade superior ó admisible, dos organismos contemplados no anexo V, informarán diso inmediatamente á autoridade competente e tomarán as medidas que esta lles indique, ou calquera outra medida necesaria para reduci-lo risco de diseminación dos devanditos organismos nocivos en cuestión. Os produtores levarán un rexistro de tódolos casos de detección de organismos nocivos nos seus establecementos e de tódalas medidas que se adoptaran ó respecto.

Artigo 22. *Control dos produtores.*

A autoridade competente levará a cabo regularmente a vixilancia e o control dos produtores, así como dos seus establecementos, co fin de aseguralo cumprimento continuado dos requisitos establecidos neste regulamento. Esta vixilancia ou control levarase a cabo no momento apropiado e, polo menos, unha vez ó ano.

Artigo 23. *Inspeccións oficiais.*

As inspeccións oficiais poderán ser visuais ou por toma de mostras para a súa análise, cando proceda.

Os procesos de produción e comercialización serán obxecto das inspeccións que determine a autoridade competente, a cal poderá tomar mostras en calquera momento durante os devanditos procesos.

Cando se tomen mostras oficiais, procederase de forma que se garanta a identidade e representatividade da mostra.

Das circunstancias e resultados das inspeccións, incluída, se é o caso, a toma de mostras, redactarase unha acta.

As descualificacións de partidas de plantas de viveiro serán comunicadas por escrito ó produtor, indicando os motivos.

Artigo 24. *Declaracións e estatísticas.*

1. Os produtores enviaránlle á autoridade competente, antes do 31 de maio de cada ano, en modelo normalizado que esta lles indique, as seguintes informacións:

a) A declaración de cultivos onde figuren, polo menos, os datos de localización das parcelas, metros cadrados de cultivo, unidades en cultivo, tipo de material, orixe do material de multiplicación, para cada variedade, clon e categoría de planta de viveiro.

b) A declaración de produción e de comercialización, onde figuren, polo menos, os datos de: unidades, tipo de material, orixe do material para cada variedade, clon e categoría de planta de viveiro producida ou comercializada.

2. Co fin de confeccionar as estatísticas nacionais e facilitar a información prevista na normativa comunitaria, os órganos competentes das comunidades autónomas enviarán á Dirección Xeral de Agricultura (Oficina Española de Variedades Vexetais), antes do 1 de xullo de cada ano, os datos de plantas nacionais, produción e comercialización da campaña ordenados por variedades, clon, tipo de material e categorías.

Artigo 25. *Poscontrois.*

Para comprobar a calidade do material de multiplicación e a correcta aplicación deste regulamento, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán realizar poscontrois no material comercializado no seu territorio tendo en conta a información proporcionada polos albarás establecidos no artigo 18.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá decidir a realización de poscontrois de ámbito nacional, co fin de comprobar a calidade do material ou para harmonizar os métodos de control e certificación das plantas de viveiro, así como dos laboratorios de análise.

Cando a Comisión da Unión Europea estableza ensaios comparativos ou experimentos temporais no ámbito comunitario, as autoridades competentes participarán e colaborarán naqueles na medida en que sexa necesario para iso, coa coordinación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

CAPÍTULO VII

Comercio exterior

Artigo 26. *Condicións xerais.*

O material de multiplicación que se importe de países terceiros, para poder ser introducido en España, deberá ofrecer polo menos garantías equivalentes en tódolos aspectos ás dos materiais de multiplicación producidos na Unión Europea.

En canto á tramitación, documentación e condicións necesarias para efectuar importacións e exportacións de e cara a países terceiros, aplicarase o disposto no artigo 5 do Decreto 3767/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro, modificado en último lugar

polo Real decreto 2273/1993, do 22 de decembro, e na Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, sen prexuízo do establecido no Real decreto 2071/1993.

Artigo 27. *Documento informativo.*

Os materiais importados deberán ir acompañados dun documento no que figuren as indicacións seguintes:

- a) Especie (denominación botánica).
- b) Variedade e, se é o caso, o clon, aplicándose estas indicacións no caso das plantas enxerto tanto ós portaenxertos coma ós gallos para enxertos.
- c) Categoría.
- d) Tipo do material de multiplicación.
- e) País de produción e servizo de control oficial.
- f) País de expedición se non fose o mesmo que o país de produción.
- g) Importador.
- h) Cántidade de material.

CAPÍTULO VIII

Réxime sancionador

Artigo 28. *Infraccións e sancións.*

As posibles infraccións e sancións na produción e comercialización das plantas de viveiro clasificaranse e aplicaranse de acordo co preceptuado na Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, e disposicións complementarias, e, se é o caso, co establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.

ANEXO I

Condicións referentes á produción

1. Orixe:

a) As partes de plantas de vide que se utilicen para a produción de barbados ou plantas enxerto procederán de cepas nai que pasaran o control correspondente.

b) Só se clasificarán novos campos cepas nai nos viveiros se se emprega para a súa implantación material de multiplicación inicial ou base, quedando clasificados os devanditos campos como cepas nai de base ou cepas nai de certificado, respectivamente.

2. Condicións xerais:

a) O cultivo posuirá identidade e pureza no que concirne á variedade e, se é o caso, ó clon.

b) O estado cultural e de desenvolvemento do cultivo permitirá un control suficiente da identidade e pureza no que concirne á variedade e, se é o caso, do clon, así como do estado sanitario.

c) O solo ou, se é o caso, o substrato de cultivo presentará garantías abondas en canto á ausencia de organismos nocivos ou os seus vectores, en particular dos nematodos que transmiten enfermidades dos virus.

Para iso, os solos destinados á plantación, agás se o seu contido de arxila é inferior ó 1 por 100, deberán cumprir as seguintes condicións:

Non ter cultivos de viña ou cepas nai nos doce anos anteriores.

Non ter cultivos de viveiros de vide nos tres anos anteriores.

Os prazos anteriores redúcense a seis e un ano, respectivamente, se a parcela se desinfecta contra nematodos nocivos previamente.

c

As parcelas que se desinfecten poden utilizarse como viveiros de vide dous anos consecutivos.

Os substratos utilizados deberanse desinfectar axeitadamente.

d) Os campos de cepas nai e os viveiros non se instalarán a menos de tres metros de calquera viñado ou terreo que fora viñado.

e) As cepas nai en cultivo hidropónico ou en maceta estarán permanentemente etiquetadas para coñecer a variedade e o clon. No cultivo de plantas por multiplicación en verde, as variedades e clons estarán separadas por lotes, debendo cada lote estar identificado da mesma forma.

f) A presenza de organismos nocivos que reduzan o valor de utilización dos materiais de multiplicación, e en particular os citados no anexo V, non se permitirá máis que na medida máis débil posible.

g) Tanto nos campos de cepas nai coma nos viveiros procederáse por parte do produtor á eliminación de tódalas plantas que non correspondan á variedade ou presenten síntomas das viroses citadas no anexo V, quedando prohibido o uso e comercialización da totalidade das plantas da parcela se non se realiza a depuración.

h) As cepas nai cualificaranse coa categoría do material de multiplicación que produzan.

3. Cepas nai de material de multiplicación inicial:

As cepas nai de material de multiplicación inicial terán comprobado mediante inspección oficial:

a) Que proveñen directamente da planta cabeza de clon.

b) Que corresponden á variedade unha vez que se comprobe que tódolos seus caracteres varietais coinciden cos descritos para a variedade no rexistro de variedades comerciais.

c) Que se encontran libres de organismos nocivos e, en especial, das viroses do anexo V, en virtude de resultados de análise por método de indexaxe.

d) Que manteñen o seu estado sanitario mediante a confirmación de resultados por métodos de laboratorio en tódalas plantas cada cinco anos.

Non se admiten faltas de plantas imputables ós organismos nocivos do anexo V. Se fosen imputables a outras razóns, estas teñen que quedar xustificadas, e, en todo caso, deberanse consignar no expediente as devanditas razóns.

As cepas nai iniciais deberán manterse en condicións de asegura-lo seu illamento de organismos nocivos, estarán illadas polo menos 30 metros de calquera viñado ou viveiro vitícola e estableceranse en terreos cultivados directamente polo produtor.

A planta cabeza de clon e toda a súa descendencia clonal identificarase cun número ou código que servirá de referencia de orixe a tódalas plantas de viveiro que proveñan deste.

4. Cepas nai de material de multiplicación base:

As cepas nai de material de multiplicación base terán comprobado mediante inspección oficial:

a) Que se constituíron directamente con material de multiplicación inicial.

b) Que corresponden á variedade.

c) Que se encontran libres de organismos nocivos e, en especial, das viroses do anexo V, en virtude de resultados de análise por métodos de laboratorio.

d) Que manteñen o seu estado sanitario mediante a confirmación de resultados por métodos de laboratorio para as viroses do GFLV, GLRaV1 e GLRaV3 en tódalas plantas cada seis anos.

Non se admiten faltas de plantas imputables ós organismos nocivos do anexo V. Se fosen imputables a outras

razóns, estas teñen que quedar xustificadas, e, en todo caso, deberanse consignar no expediente as devanditas razóns.

As cepas nai de base deberán manterse en condicións de asegura-lo seu illamento de organismos nocivos, estarán illadas polo menos 30 metros de calquera viñado ou viveiro vitícola e estableceranse en terreos cultivados directamente polo produtor.

5. Cepas nai de material de multiplicación certificado:

As cepas nai de material de multiplicación certificado terán comprobado mediante inspección oficial:

a) Que se constituíron directamente con material de multiplicación base.

b) Que corresponden á variedade.

c) Que se encontran libres de organismos nocivos e, en especial, das viroses do anexo V, en virtude de resultados de análises por método de laboratorio realizadas por mostraxe.

d) Que manteñen o seu estado sanitario mediante a confirmación de resultados por métodos de laboratorio para as viroses do GFLV, GLRaV1 e GLRaV3 realizados por mostraxe cada dez anos.

A proporción de faltas debidas a organismos nocivos non poderá supera-lo 5 por 100. Se fosen imputables a outras razóns, estas teñen que quedar xustificadas, e, en todo caso, deberanse consignar no expediente as devanditas razóns.

6. Cepas nai de material de multiplicación estándar:

As cepas nai de material de multiplicación estándar terán comprobado a súa pureza varietal e o seu estado sanitario sobre os organismos nocivos do anexo V mediante unha inspección oficial periódica visual ou, se é o caso, con test de laboratorio.

A proporción de faltas debidas a organismos nocivos non poderá supera-lo 10 por 100. Se fosen imputables a outras razóns, estas teñen que quedar xustificadas, e, en todo caso, deberanse consignar no expediente as devanditas razóns.

7. Viveiros:

Os viveiros estableceranse en condicións apropiadas para evitar contaminacións. O cumprimento das condicións xerais de cultivo comprobarase mediante unha inspección oficial anual con métodos visuais ou, se é o caso, completada con test de laboratorio. En caso de controversia que poida resolverse sen afecta-la calidade dos materiais de multiplicación, terá lugar unha segunda inspección antes da colleita.

ANEXO II

Condicións referentes ó material de multiplicación

1. Pureza varietal:

Categoría	Porcentaxe
De base	100
Certificada	100
Estándar	99

2. Pureza técnica: 96 por 100:

Consideraranse como tecnicamente impuros:

a) Os materiais de multiplicación desecados na súa totalidade ou en parte, mesmo os que sufriron unha inmersión en auga tralo seu desecamento.

b) Os materiais de multiplicación estragados, con feridas, especialmente os danados pola sarabia ou o xeo e os esmagados ou rotos.

3. Madureza:

Os bacelos chegarían a un grao suficiente de madureza da madeira. A proporción madeira-polpa será a normal para a variedade.

4. Clasificación de plantas enxerto:

As plantas enxerto procedentes dunha combinación patron-enxerto, ámbolos dous da mesma categoría, consideraranse desa categoría. As plantas de viveiro procedentes dunha combinación patrón-enxerto de distinta categoría consideraranse de acordo co compoñente de inferior categoría.

5. Calibración:

1) Estacas, estaquiñas e enxertos:

A) Diámetro, medido o maior da sección menor:

a) Estacas e enxertos:

1.º Diámetro no extremo máis delgado:

Para V. Rupestris e os seus cruzamentos con vitis vinífera: 6 a 12 milímetros.

Para o resto de variedades: 6,5 a 12 milímetros.

A porcentaxe de bacelos que teñan un diámetro inferior ou igual a sete milímetros para V. Rupestris ou os seus cruzamentos con viníferas e inferior ou igual a 7,5 milímetros para as demais variedades non superará o 25 por 100 do lote.

2.º Diámetro máximo no extremo máis groso: 14 milímetros coa excepción de enxertos a utilizar «in situ». O corte da estaca deberá efectuarse polo menos a dous centímetros da base da xema inferior.

b) Estaquiñas:

Diámetro mínimo no extremo máis delgado: 3,5 milímetros.

B) Lonxitude:

a) Estaca: lonxitude mínima: 1,05 metros a partir da base do nó inferior, tendo en conta o entrenó superior.

b) Estaquiñas: lonxitude mínima: 55 centímetros a partir da base do nó inferior, contando o entrenó superior para V. Viníferas, 30 centímetros.

c) Enxertos:

1.º Cuando haxa cinco xemas utilizables, lonxitude mínima 50 centímetros a partir da base do nó inferior, contando o entrenó superior.

2.º Cando haxa unha xema utilizable, lonxitude mínima 6,5 centímetros realizando o corte o máis próximo posible á xema:

1,5 centímetros por arriba.

Cinco centímetros por debaixo.

2) Barbados:

A) Diámetro:

O diámetro medido no medio do entrenó que segue ó abrocho superior e segundo o eixe maior será polo menos de cinco milímetros.

B) Lonxitude:

A distancia do punto inferior de inserción das raíces á bifurcación do brote superior será, polo menos, de:

a) Para barbados de patróns: 30 centímetros.

b) Para outros barbados: 22 centímetros.

C) Raíces:

Cada planta deberá ter, polo menos, tres raíces ben desenvolvidas e convenientemente repartidas. Para a

variedade 420 A admítase que teña unicamente dúas raíces ben desenvolvidas, sempre que sexan opostas.

3) Planta enxerto:

a) Lonxitude mínima do talo: 20 centímetros.

b) Raíz: cada planta deberá ter, polo menos, tres raíces ben desenvolvidas e convenientemente repartidas. Para a variedade 420 A admítase que non teña máis de dúas raíces pero en todo caso serán opostas.

c) Soldadura: esta será suficiente, regular e sólida en cada planta.

4) Plantas cultivadas en recipientes («pot»):

Estas plantas han de presentar un bacelo ou un abrocho ben desenvolvido e un sistema radicular equilibrado coa parte aérea.

ANEXO III

Composición dos feixes ou embalaxes

	Número
1. Planta-enxerto	25 ou, en caso de utilización de sacos de plástico, 50 ou 100, sempre que cada 25 se utilice unha etiqueta.
2. Barbados	50 ou, en caso de utilización de sacos de plástico, 100, sempre que cada 50 se utilice unha etiqueta.
3. Enxertos:	
a) con cinco xemas utilizables	100 ou 200.
b) cunha xema utilizable	500 ou os seus múltiples.
4. Estaca	200.
5. Estaquiñas de patróns e viníferas	200 ou 500.
6. Outras estaquiñas	200.

Plantas embaladas en contedor: as plantas embaladas en colectores precintados poderán levar unha soa etiqueta por colector pola cantidade total de plantas que conteña. A cantidade total será un múltiplo das fixadas para o tipo de material correspondente, salvo no caso das plantas en «pot» en que o acondicionado non o permita.

ANEXO IV

Etiquetar

1. A etiqueta oficial terá as seguintes informacións:

a) Norma CE.

b) País de produción: ESPAÑA.

c) Autoridade competente do control e precintado do material.

d) Nombre e enderezo da persoa física ou xurídica responsable do precintado ou o seu número de rexistro oficial.

e) Especie.

f) Tipo de material.

g) Categoría.

h) Variedade e, se é o caso, o clon. Para as plantas-enxerto esta indicación aplicarase tanto para o patrón coma para o enxerto.

i) Número de referencia do lote.

j) Cantidade.

c

2. Para os materiais de multiplicación «Barbados» e «Planta-enxerto» serán suficientes as indicacións contempladas nas letras a), b), c), d), e), f), g), h) e j).

3. Nos casos en que se testara a planta para as viroses citadas no anexo V, con resultado negativo, poderán indicarse esta circunstancia, para as categorías de base e certificada do seguinte xeito:

«Os materiais de multiplicación de base e os materiais dun estadio vexetativo anterior ós materiais de base foron examinados por (autoridade competente) e foron recoñecidos exentos de (enfermidade por virus) segundo (método de análise).»

As devanditas indicacións poderanse referir a tódolos materiais das categorías «de base» ou «certificados» no referente ó enrolado e ó entrenó curto e, para os portaenxertos, a título suplementario, ó xaspeado. As probas deberán estar oficialmente recoñecidas e deberán ser realizadas durante un período mínimo de tres anos, por unha autoridade recoñecida e controlada oficialmente.

Poderase aplicar para tódalas enfermidades de virus os métodos de análise con plantas indicadoras de vide, e, ademais, para o entrenó curto, os métodos de análise con plantas herbáceas, así como o método serolóxico.

4. A dimensión mínima da etiqueta será de 110 x 67 milímetros para os feixes de estacas, estaquiñas e enxertos e de 80 x 70 milímetros para os feixes de barbados e plantas-enxerto.

ANEXO V

Organismos nocivos

a) Tratamento en cultivo:

Deberanse realiza-los tratamentos fitosanitarios periódicos necesarios, principalmente para o control de nematodos, ácaros, insectos, fungos e bacterias.

b) Plantas de viveiro portadoras de pragas e enfermidades:

O material de multiplicación, así como as cepas nai, estarán libres das seguintes pragas ou enfermidades:

Nematodos: «Xiphinema sp»; «Longidorus sp».

Ácaros: «Phyllocoptes vitis», «Panonychus ulmi 7 eotetranychus carpini».

Cochinillas: «Pseudococcus citri» e «Quadraspidiotus perniciosus».

Podremias: «Armillariella mellea» e «Rosellinia necatrix».

Excoriose: «Phomosis sp».

Eutiopiose: «Eutypa armeniaca».

Esca: «Estereum sp».

Bacteriose: «Xanthomonas ampelina».

Admitirase a presenza de lixeiras infestacións das pragas e enfermidades citadas na alínea a), sempre que se realizasen os oportunos tratamentos.

c) Viroses:

1. Entrenó curto (GFLV).

2. Enrolado, razas 1 e 3 (GLRaV 1, GLRaV3).

3. Xaspeado (GfKv).

ANEXO VI

Albará

Os albarás conterán, polo menos, as seguintes informacións:

a) Expedidor: produtor, número de rexistro, almacén de partida.

b) Destinatario: nome, enderezo e almacén de destino.

c) Natureza da mercadoría: tipo de material, variedade, clon, unidades, categoría, número de feixes ou envases.

d) Data do envío e número do albará.

e) Declaración do produtor: o produtor declara que a mercadoría amparada polo presente albará cumpre con tódolos requisitos esixidos pola lexislación vixente, facéndose responsable da veracidade dos datos consignados.

ANEXO VII

Producción por multiplicación en verde

1. Orixe do material:

O material de multiplicación provirá sempre de cepas nai aprobadas pola autoridade competente, da categoría correspondente 2.

2. Multiplicación:

O material vexetal de cepas nai de base multiplicarase en verde e todo o material obtido durante o ano de produción poderase cualificar como material de multiplicación base.

O material vexetal de cepas nai de certificado multiplicarase en verde e todo o material obtido durante o ano de produción poderase cualificar como material de multiplicación certificado.

As variedades e clons estarán separados por lotes, debendo cada lote estar identificado por etiquetaxe permanente.

3. Comunicacións:

O produtor comunicará a declaración de cultivos correspondente a cada lote en fase de produción antes dun mes dende a súa plantación.

O conxunto de declaracións constituirá a base para estimar as necesidades de etiquetas para cada variedade e clon.

4. Etiquetaxe:

As plantas comercializadas en «pots» poderán ir etiquetadas en embalaxes amparadas por unha soa etiqueta.

As plantas en «pots» que se comercialicen individualmente deberán levar unha etiqueta individual.

As plantas en «pots» que se comercialicen en embalaxes pechadas e precintadas poderán levar a súa etiqueta adherida á devandita embalaxe, en conxuntos de plantas de acordo co sinalado no anexo III.

No albará deberá figurar a información «plantas producidas por multiplicación en verde».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3836 *ORDE PRE/375/2003, do 24 de febreiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ó uso de certas substancias e preparados perigosos (compostos organoestánicos). («BOE» 48, do 25-2-2003.)*

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, supuxo unha serie de limitacións á comercialización e ó uso de determinadas substancias e preparados perigosos e foi dictado baseándose na normativa da Unión Europea que regula esta materia, constituída pola Direc-